

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 3 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico. Procedemento CT982D.*

A Consellería de Cultura de Turismo ditou a Orde do 3 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións á concellos con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico. (*Diario Oficial de Galicia* nº 155, do 10 de agosto).

No artigo 17 da dita orde establécese como prazo máximo de xustificación da subvención ata o 31 de outubro de 2009.

Non obstante, debido ao número de solicitudes presentadas e as dificultades de valoración destas, produciuse un retraso na resolución da convocatoria polo que é procedente ampliar o devandito prazo para a xustificación da subvención.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procédese á modificación seguinte:

### «DISPOÑO:

#### Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación por duplicado exemplar nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 15 de novembro de 2009. Cando o evento subvencionado teña lugar con posterioridade a esta data a xustificación presentárase en todo caso antes do 31 de decembro de 2009 agás que na resolución de concesión se fixe un prazo de xustificación específico para cada evento.

a) Solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo III.

b) Memoria da actuación realizada á que se xuntarán os carteis, folletos, fotografías ou calquera outra documentación que xustifique o cumprimento da actividade subvencionada.

c) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas acreditativas dos gastos subvencionados xunto cos xustificantes das transferencias bancarias que acrediten o seu pagamento. Os gastos efectuados corresponden aos orzamentos e/ou facturas pro-forma aceptadas para a concesión da subvención.

d) Declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, da Administración autonómica (sempre e cando non exista autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa información relativa ás axudas solicitadas), das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

e) Certificación orixinal da entidade bancaria acreditativa da titularidade da conta, se é o caso.

f) Declaración expresa sobre os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º desta orde».

### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2009.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.*

Advertidos erros e omisións na publicación da devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 211, do mércores, 28 de outubro de 2009, cómpre facer as oportunas correccións:

Primeira.-O anexo que figuran na páxina 16.768 e seguintes coa denominación: «ANEXO Accións formativas priorizadas-sectoriais», debe figurar co nome: «ANEXO III Accións formativas priorizadas-sectoriais».

Segunda.-Publicar a seguir os anexos I, II e IV: